

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 7 de maio de 2009 pola que amplía o prazo de resolución e notificación do segundo proceso selectivo de programas de desenvolvemento rural e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

Mediante Resolución do 9 de febreiro de 2009 (DOG nº 38, do 24 de febreiro) convocouse o segundo proceso selectivo de programas de desenvolvemento rural e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader.

De acordo co previsto no texto da propia convocatoria e en consonancia coa regulación que deriva do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, aprobado por Decisión CE (2008) 703, do 5 de febreiro, o prazo para resolver e notificar a resolución do procedemento aos interesados é de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que rematou o prazo de presentación de solicitudes.

O artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común prevé a ampliación dos prazos establecidos, que non excederá da metade deles, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

A modificación da estrutura orgánica da Xunta de Galicia e a dos departamentos que a integran, así como o nomeamento dos seus titulares, afecta a composición da comisión de selección que se debe constituír para a avaliación dos proxectos, nos termos referidos na epígrafe X.II das bases reguladoras da referida convocatoria. Por outra banda, nos tres territorios que concorren a esta segunda convocatoria presentáronse dúas candidaturas, o que ralentizou o proceso de análise e avaliación dos programas de desenvolvemento rural.

Tendo en conta o anterior,

RESOLVO:

Ampliar o prazo de resolución e notificación do segundo proceso selectivo de programas de desenvolvemento rural e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013 ata o 16 de xuño de 2009.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2009.

(Por Resolución do 25 de marzo de 2009)
Fernando Veiga Fernández
Subdirector de Relacións cos Grupos
de Acción Local

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 28 de abril de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 0001111/2008, interposto por Rufino Paniagua Flores.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 0001111/2008, interposto por Rufino Paniagua Flores, contra varios actos administrativos (a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 14 de xullo de 2008, pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios; a desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra a orde anterior; a desestimación presunta do recurso extraordinario de revisión interposto contra a resolución da Dirección Xeral da Función Pública, do 7 de decembro de 2005; a Resolución do 22 de febreiro do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia).

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento de toda as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 7 de maio de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a/condutores/as 1ª e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de acceso libre, pola que se lle dá publicidade ao acordo polo que se publican as notas do terceiro exercicio do proceso selectivo pola quenda de acceso libre.

En sesión que tivo lugar o día 7 de maio de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 29 de